

Casa

030125

Datos de Localización

Casa Forte

Nomenclator:	3206201
Coord. UTM:	X: 59408400 Y: 465229500
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SAN LOURENZO DE ABELEDA
Lugar:	San Lourenzo
Tipoloxía:	Arquitectura Defensiva
Tipo:	Casas Fortes
Subtipo:	Casa Forte



Denominación:	Casa
Etaqa Histórica:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Casa de planta rectangular composta de baixo e unha planta alta. A fachada principal está feita de perpiaños con fino encinte de cor branco, esto non sucede na lateral e na posterior que se emprega cachotería concertada. Na fachada lateral os cachotes presentan ancho encinte de cor branco e na posterior apenas se poden ver algúns restos deste elemento. A casa na pranta baixa presenta un total de sete vans, cinco na fachada anterior e dous na lateral. Todos eles empregan portas e fiestras alinteladas de madeira con contras a excepción dunha fiestra que é de aluminio. Enriba da lumieira do portalón da fachada principal unha inscrición dátanos a obra no ano 1877.

Na pranta alta unha solaina de escasa anchura sobre a que voa o tellado da cuberta ocupa a maior parte da lonxitude da fachada principal. Esta solaina está dividida pola metade, unha delas foi convertida en galería de aluminio e a outra está protexida cunha varanda de ferro. A pranta alta presenta tamén varios vans alintelados neste caso repartidos polas tres fachadas.

Cabe destacar dous elementos defensivos que presenta esta casa; un deles localizado na fachada anterior na parte esquerda e o outro no ángulo formado pola parede posterior e pola penal. Estes elementos defensivos están realizados en perpiaños que descansan sobre canzorros. Cuberta a tres augas con tella francesa.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha del inventario del patrimonio arquitectónico de interés histórico artístico del Ministerio de Cultura.

Características Construtivas

Plantas:	B+1
Edif. Anexas:	
Mat. Fachada:	Granito
Mat. Estrutura:	Granito
Mat. Cuberta:	Talla

mat. cuberta. 1.ª eta

Elementos singulare

Construtivos: Presenta esta casa dous elementos defensivos, un localizado na fachada principal e o outro no ángulo formado pola penal e a fachada posterior

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Estructural

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Habitacional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







